

## CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

*Orde do 16 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas ao mantemento e conservación do patrimonio etnográfico no territorio histórico dos camiños de Santiago para particulares e institucións sen ánimo de lucro e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.*

Os camiños de peregrinación a Santiago de Compostela que transcorren polo territorio galego son un verdadeiro eixe de vertebración da paisaxe e constitúen a porta de entrada de moitos visitantes ao coñecemento e experiencia de Galicia.

Durante séculos a realidade e singularidade destes territorios evolucionou coa combinación do legado de numerosos peregrinos e do crecemento de asentamentos e poboacións moi ligados ao territorio e ao traballo da terra. Por este motivo, as manifestacións construídas nestes ámbitos representan unha parte esencial dos valores etnográficos da cultura, da singularidade e identidade do pobo galego. En cada tramo e en cada percorrido resultan evidentes as características senlleiras de cada comarca, en relación cos diferentes tipos construtivos, a natureza do clima e do territorio e mesmo as súas particularidades locais.

Toda esta variedade e riqueza debe ser conservada e mantida para o futuro. As leis 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, e 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago en Galicia, establecen o marco normativo en que se reconece o valor da identidade cultural galega e as obrigas para administracións e particulares no seu mantemento, promoción e difusión.

Por outra banda, as circunstancias específicas de cada momento histórico e a resposta dada a novas necesidades a través do uso de materiais e técnicas construtivas de resposta rápida e tecnoloxías non especializadas, veñen transformar en ocasións a paisaxe e as súas construcións con elementos alleos, ou ben obrigan ao abandono dalgunhas outras, co resultado do desuso, o feísmo ou mesmo a ruína.

Co obxecto de manter e acrecentar os valores culturais específicos do patrimonio etnográfico do territorio dos camiños de Santiago en Galicia e, ao tempo, fomentar as actividades de recuperación e de minoración ou eliminación de impactos do feísmo sobre as edificacións que conforman unha parte esencial da súa realidade física construída, a Consellería de Cultura e Turismo promove esta orde co obxecto de regular a concesión de axudas para o mantemento e restauración doos bens pertencentes ao patrimonio etnográfico de Galicia.

Á vista do exposto, en uso das facultades que teño atribuídas, en virtude do artigo 34 da Lei 1/1983, do

22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e convocar a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas ao fomento de actuacións de conservación e restauración, por parte de particulares ou entidades sen ánimo de lucro propietarios, posuidores ou titulares de dereitos reais de bens inmoebles do patrimonio etnográfico de Galicia nos ámbitos das parroquias polas que discorren os camiños de Santiago en Galicia.

#### Artigo 2º.-*Bens inmoebles do patrimonio etnográfico.*

Consideraranse bens inmoebles pertencentes ao patrimonio etnográfico para o obxecto desta orde os que reúnan as condicións establecidas no artigo 64 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia: que constitúan formas relevantes e expresión da cultura e modos de vida tradicionais e propios do pobo galego nos seus aspectos materiais e inmateriais, tales como vivendas tradicionais, hórreos, cabazos, cabaceiras, piornos, celeiros, palleiras, alpendres, pallozas, pozos, muíños, fontes, lavadoiros, fornos, pombais, muros, peches, emparrados,... e outros de carácter similar. Só serán obxecto da axuda aqueles elementos do patrimonio etnográfico en que permanezan recoñecibles as súas características construtivas, estruturais e formais orixinais, aspectos que serán avaliados pola Comisión a que se refire o artigo 16º desta orde.

#### Artigo 3º.-*Ámbito territorial da axuda.*

Poderán ser obxecto de axuda os bens inmoebles do patrimonio etnográfico que estean localizados nalgunha das parroquias polas que discorre calquera dos camiños de Santiago relacionados na Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago, e en concreto os denominados: Camiño francés, Camiño portugués, Ruta da prata, Camiño do norte, Camiño de Fisterra, Camiño inglés e Ruta do mar de Arousa e Ulla, así coma o Camiño primitivo, que entra en Galicia pola Fonsagrada cara a Melide.

#### Artigo 4º.-*Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas físicas, as comunidades de bens e persoas xurídicas sen ánimo de lucro que sexan propietarias, posuidoras ou titulares de dereitos reais, con consentimento do titular da propiedade, se é o caso, sempre que non se atopen en ningún dos supostos dos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia, respecto de calquera dos bens inmoebles do patrimonio etnográfico que se adecúen ao establecido nos artigos 2º e 3º desta orde.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que como beneficiario lle corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei de subvencións de Galicia.

*Artigo 5º.-Actuacións subvencionables.*

1. Quedan comprendidas no ámbito desta orde, como actuacións subvencionables, aquelas propostas para o ano 2010 que consistan:

a) Obras de eliminación ou minoración de impactos: as que teñan por obxecto a eliminación de elementos e adicións construtivas sen valor cultural e que deturpen a apreciación e a función do ben, e as obras de acabamento ou remate funcional que melloran as súas condicións de conservación e apreciación. As actuacións serán apreciadas desde o espazo público.

b) Obras de conservación e mantemento: as que teñan como finalidade o mantemento do inmovible coas súas características e materiais orixinais. Consistirán en reparacións puntuais, limpeza, substitucións concretas de elementos deteriorados e aquelas que deriven das operacións de reparación dos danos habituais provocados polo paso do tempo ou polo seu uso característico.

c) Obras de restauración: as que teñan por obxecto a restitución da imaxe e unidade do ben, a través de operacións de reintegración de elementos moi deteriorados ou perdidos, co fin de recuperar o carácter orixinal do inmovible e da súa función e que supoñan a execución de elementos de entidade construtiva.

2. Todas as obras relacionadas no punto anterior e que sexan subvencionadas ao abeiro desta orde axustaranse aos criterios legais de actuación que se recollen no artigo 39 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia. En particular, utilizaranse criterios nos cales se empreguen as solucións de deseño orixinais, reproducindo técnicas tradicionais e utilizando os materiais que lles son propios.

3. A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural poderá dar instrucións particulares e establecer criterios concretos segundo o carácter e a dimensión da actuación, que serán comunicados de forma pormenorizada na resolución coa que se autoricen as obras.

*Artigo 6º.-Actuacións non subvencionables.*

Non serán obxecto de axuda aquelas actuacións en inmovibles do patrimonio etnográfico:

a) Que fosen realizadas con anterioridade á data de publicación desta orde.

b) Nos cales se realizasen obras obxecto de calquera sanción administrativa.

c) Que tivesen algunha axuda en convocatorias anteriores.

*Artigo 7º.-Actuacións excluídas.*

Non serán obxecto de axuda aquelas actuacións en que se recolla algún tipo de actuación que teña por obxecto ou como consecuencia:

a) A alteración da forma, dos materiais ou do tipo e sistema construtivo tradicional.

b) O traslado ou os recuamentos, agás recuamentos por razóns de estrita conservación que deberán ser xustificadas convenientemente, e non desde supostos funcionais ou estéticos.

c) A reforma para a instalación dun novo uso alleo ao seu valor etnográfico.

d) A utilización de materiais tecnolóxicos alleos á tradición construtiva e descontextualizados respecto dos valores etnográficos do elemento, tales como as masas de cementos Portland, as madeiras laminadas, os vernices que creen películas non transpirables sobre a superficie da madeira, as lousas de cuberta prefabricadas ou de forma non tradicional, as tellas mixtas, planas ou de materiais non tradicionais, os aluminios e os metais en xeral (agás o ferro doce forxado) fóra dos usos tradicionais dos metais na construción popular, as resinas e os acabamentos sintéticos, as siliconas como solucións de unión ou impermeabilización, as espumas de poliuretano como adhesivo ou solución para carpintaría, as fábricas de bloque de cemento ou de tixolo como cerramento das construcións de valor etnográfico (cando este non sexa o material tradicional), etc.

e) A eliminación dos recibos ou dos revestimentos tradicionais para deixar vistas fábricas de pedra que non teñan este remate tradicionalmente.

f) A limpeza dos elementos artísticos ou de senlleiro valor etnográfico, en que se empreguen técnicas ou procedementos que eliminen a pátina do tempo.

g) Os chorreados de calquera tipo (de auga, de area, os granallados...) como técnica de limpeza sobre as fábricas ou os elementos orixinais.

*Artigo 8º.-Financiamento e contía global das axudas.*

1. As axudas reguladas nesta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.433A.781.0 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma

de Galicia para o ano 2010 e a contía global destinada ascende a trescentos mil euros (300.000 €).

2. Esta orde tramítase conforme o establecido na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o vindeiro ano 2010.

3. Esta contía poderá ser ampliada nos termos previstos no artigo 31.2º da Lei de subvencións de Galicia, sen que isto dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contra na orde que se publique para o efecto.

#### Artigo 9º.-*Normativa aplicable.*

A tramitación de solicitudes e concesión destas axudas axustarase ao disposto nesta orde, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos preceptos básicos do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais normativa de aplicación.

#### Artigo 10º.-*Axudas.*

1. As axudas consistirán nunha subvención que se percibirá por unha soa vez por beneficiario e ben, ata un máximo do 50% do custo de execución material do proxecto autorizado. Establécese un límite L= axuda máxima, que será unha cantidade económica fixada en función do tipo de actuación subvencionable segundo o artigo 5º desta orde. Os límites para esta convocatoria son:

- a) Obras de eliminación ou minoración de impactos: La= 1.500 €.
- b) Obras de conservación e mantemento: Lb= 2.500 €.
- c) Obras de restauración: Lc= 6.000 €.

2. O orzamento do proxecto autorizado será o que determinen os servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, en aplicación dos criterios de intervención e os tipos de actuación autorizados, polo que poderá diferir do solicitado, o que será, de ser o caso, debidamente xustificado.

3. Así mesmo, serán subvencionables os custos dos proxectos e informes técnicos necesarios.

4. Os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboe efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

5. Será compatible a percepción doutras axudas sempre que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, non supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

#### Artigo 11º.-*Modelos de solicitude.*

Os modelos normalizados estarán á disposición dos interesados no rexistro xeral da Xunta de Galicia, na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, nos departamentos territoriais de Cultura e Turismo e na páxina web da consellería: <http://culturaeturismo.xunta.es/oficina>, na epígrafe de trámites e axudas, para a súa formalización.

#### Artigo 12º.-*Solicitude e documentación.*

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que figura como anexo I desta orde, xunto coa documentación que se relaciona a continuación:

a) Unha copia compulsada do DNI e NIF do solicitante, ou do CIF no caso de comunidades de bens e persoas xurídicas. No caso de que se actúe por medio de representante, deberá de acreditarse a representación por un medio válido en dereito.

b) Unha copia compulsada dos documentos acreditativos da personalidade no caso de que o solicitante sexa comunidade de bens ou persoa xurídica.

c) Copia compulsada da documentación acreditativa do título de propiedade ou dos dereitos reais e do consentimento do propietario, se é o caso, respecto do ben obxecto da intervención para a que se solicita a axuda, ou do terreo sobre o que se edifica.

d) Unha declaración responsable de todas as axudas solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas entidades públicas e privadas, coa indicación das contías e de non estar incurso en supostos de prohibicións para obter a condición de beneficiarios de subvencións (segundo o modelo que figura como anexo II).

e) Unha certificación bancaria orixinal expedida pola entidade bancaria de titularidade da conta do solicitante.

f) Unha memoria da intervención segundo o documento que figura no anexo III, que conterá, cando menos, catro fotografías do ben inmovible. No caso das actuacións recollidas no artigo 5º.1 c) será necesario achegar a esta memoria un proxecto redactado por un técnico competente.

g) Un orzamento detallado dun industrial ou contrata especializada coa valoración pormenorizada da proposta de actuación, e que conteña unha cuantificación individualizada de todas as partidas, coa descrición dos materias, as dimensións e as técnicas construtivas, a súa medición parcial, o seu custo unitario e o orzamento total, coa desagregación do IVE e outros gastos, de ser o caso.

No caso de que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da administración actuante o solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

*Artigo 13º.-Lugar e prazo de presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes, xunto coa documentación, presentaranse preferentemente no rexistro xeral da Xunta de Galicia, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

*Artigo 14º.-Aceptación das bases e autorización para a consulta de datos fiscais e tratamento de datos.*

A presentación de solicitude polo interesado implicará:

1. A aceptación íntegra do establecido nas bases reguladoras fixadas na orde da convocatoria, así como dos requisitos e obrigas que nelas se fixan.

2. A autorización á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao día das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

3. A autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, nos rexistros públicos de subvencións que proceda e na páxina web oficial da Consellería de Cultura e Turismo.

*Artigo 15º.-Criterios de valoración.*

A concesión das axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva, no que todas as solicitudes presentadas obterán unha puntuación resultante da aplicación dos seguintes criterios de valoración sobre o ben inmovible e a proposta de actuación:

a) A protección legal en materia de patrimonio cultural: 10 puntos para os bens de interese cultural (BIC) declarados específica ou xenericamente e 8 puntos para os bens inmovibles inventariados (bens incluídos no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, no catálogo das NN.SS.CC. de planeamento provincial do ano 1991 e nos catálogos das figuras de planeamento municipal).

b) A proximidade á traza do camiño: 10 puntos para os bens situados dentro das dúas franxas de 30 metros de largo contados a partir dos límites exteriores do camiño.

c) O mantemento do uso tradicional: 10 puntos para os bens que manteñen o seu uso tradicional e 5 puntos para aqueles que, aínda que non manteñen o uso tradicional, están dedicados a un novo uso compatible ou axeitado aos seus valores culturais.

d) A singularidade e valor cultural do ben: avalíaranse as características propias do ben en relación co seu valor cultural e a súa vinculación ao camiño (pervivencia da tipoloxía edificatoria tradicional, conservación e mantemento de materiais e sistemas construtivos orixinais, ou bens que posúan ou representen formas relevantes ou expresión da cultura e modos de vida tradicionais e propios do pobo galego), ata 30 puntos.

e) A calidade ambiental e paisaxística do contorno en relación co ben, atendendo ao estado de conservación das edificacións próximas no contorno visual, ás súas características construtivas e mantemento integral da imaxe orixinal e tipolóxica deles, ao seu uso, á inexistencia de impactos construtivos ou de instalacións, á existencia de vexetación autóctona ou explotacións agrícolas tradicionais e á relación co ámbito natural inmediato de características senlleiras, ata 10 puntos.

f) A calidade da proposta de intervención atendendo ás técnicas construtivas, uso de materiais tradicionais e ao mantemento da súa fisionomía orixinal: ata 30 puntos.

*Artigo 16º.-Comisión de avaliación.*

1. Créase, co obxecto de avaliar e valorar as solicitudes presentadas, unha comisión técnica de avaliación que terá a función de establecer a prelación

entre delas, en función da puntuación acadada segundo os criterios de valoración establecidos no artigo 15º desta orde.

2. Esta comisión estará formada por:

a) O xefe do Servizo de Arquitectura e Etnografía da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, que a presidirá.

b) Dúas arquitectas/os do Servizo de Arquitectura e Etnografía, que actuarán como vogais.

c) O xefe do Negociado de Etnografía do Servizo de Arquitectura e Etnografía, que exercerá a secretaría.

No caso de ausencia dalgún dos membros, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural nomear un suplente. A comisión formulará o informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

#### Artigo 17º.-*Tramitación.*

1. A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como órgano instrutor da Consellería de Cultura e Turismo, examinará as solicitudes presentadas e a documentación achegada. No suposto de que as solicitudes non cumpran os requisitos sinalados na convocatoria ou a documentación conteña erros ou sexa insuficiente, a unidade administrativa encargada da tramitación dos expedientes requirirá os interesados para que, no prazo de dez días, acheguen os documentos preceptivos que emenden os erros detectados, coa indicación de que, se así non o fixesen, teranse por desistidos da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural elaborará unha listaxe de todas as solicitudes presentadas. Así mesmo, daralle traslado dos expedientes á comisión técnica definida no artigo 16º desta orde, para a súa avaliación.

3. A comisión de avaliación valorará as solicitudes cunha puntuación de 0 a 100 puntos, en función do resultado da aplicación dos criterios de valoración establecidos no artigo 15º desta orde e elaborará unha prelación en orde decrecente segundo o valor alcanzado.

4. A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural elaborará a proposta de concesión ou denegación das axudas, que será elevada ao titular da Consellería de Cultura e Turismo, que resolverá sobre a concesión ou denegación das axudas no prazo máximo de tres meses, desde a data de entrada de cada solicitude no rexistro do órgano administrativo competente para resolver o procedemento.

5. No caso da ampliación do crédito prevista no artigo 8º.2, as axudas serán concedidas en función da prelación elaborada segundo o punto 3 deste artigo.

#### Artigo 18º.-*Resolución.*

1. A Consellería de Cultura e Turismo resolverá o procedemento de concesión no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución. O procedemento e contido da resolución axustarase ao artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A resolución de concesión ou denegación da axuda notificaráselles aos interesados e terá que ser motivada. No *Diario Oficial de Galicia* publicarase un extracto da resolución de concesión que deberá conter indicación da norma reguladora, beneficiarios, crédito orzamentario, cantidade concedida e finalidade da axuda. Desta mesma información darase conta na páxina web da Consellería de Cultura e Turismo e nos rexistros públicos de subvencións.

#### Artigo 19º.-*Recursos.*

1. A resolución de concesión ou denegación da axuda pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

2. De non notificarse resolución no prazo indicado no parágrafo 1 anterior, entenderase desestimada a solicitude correspondente, e poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o conselleiro de Cultura e Turismo no prazo de tres meses, ou ben interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de seis meses. Os prazos sinalados para estes casos comezará a contarse desde que transcorra o prazo para resolver sinalado no parágrafo 4 do artigo 17º desta orde.

#### Artigo 20º.-*Modificación da resolución.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, se é o caso, á súa revogación.

#### Artigo 21º.-*Aceptación das axudas.*

Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación. Transcorrido este sen que se produciise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

#### Artigo 22º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

1. Ademais das obrigas xerais establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, para a per-

cepción das axudas públicas os beneficiarios están obrigados:

a) A executar e xustificar o proxecto íntegro para o que se concede a axuda, segundo as condicións desta bases, isto é, o 100% do orzamento autorizado, que é o que serve como base para o cálculo da axuda. No caso contrario a contía da axuda minorarase proporcionalmente ao efectivamente executado e xustificado.

b) A obter as preceptivas licenzas, autorizacións e permisos para a execución das obras obxecto da axuda.

c) A facilitar toda a información que lle requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

d) A efectuar a xustificación do gasto conforme o establecido nesta orde.

e) A permitir á Consellería de Cultura e Turismo o acceso á obra no exercicio do seu labor de inspección relacionada coa conservación do patrimonio cultural.

2. O incumprimento de calquera das obrigas mencionadas será causa de revogación da subvención ou de reintegro, se é o caso, dos importes percibidos e dos xuros de demora correspondentes.

#### Artigo 23º.-*Xustificación e pagamento.*

1. Unha vez concedida e aceptada a axuda, o seu pagamento quedará condicionado a que os beneficiarios presenten a seguinte documentación:

a) Unha memoria da actividade realizada, segundo o documento que figura no anexo IV, que conterá, cando menos, catro fotografías en cor que manifesten as obras realizadas.

b) Este documento deberá acompañarse dunha memoria final da intervención redactada polo técnico director das obras para as actuacións recollidas no artigo 5º.1 c) desta orde, ou cando así se determine na resolución de concesión da axuda.

c) Os documentos orixinais das facturas, ou documentos equivalentes, dos industriais subministradores ou dos contratistas das obras, que acrediten o gasto realizado ou, de ser o caso, copias compulsadas. O pagamento das facturas acreditarase mediante extractos ou certificacións bancarias. Cando o importe das facturas sexa inferior a 1.000 euros, poderase acreditar mediante recibo do provedor. Os restantes pagamentos acreditaranse mediante extractos ou certificacións bancarias.

d) Unha declaración complementaria, actualizada, do conxunto de todas as axudas solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas entidades públicas e privadas (modelo anexo II).

e) De acordo co artigo 29.4º da Lei de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros, o beneficiario deberá acreditar ter solicitado un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a realización da obra.

2. A xustificación para a percepción da axuda deberá presentarse no prazo máximo de 3 meses desde que se notificou a concesión da axuda e, en todo caso, antes do 15 de novembro de 2010.

No caso de que a xustificación fose incorrecta ou incompleta, a Consellería de Cultura e Turismo poderá outorgar, nos termos establecidos no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, sempre que este prazo permita a verificación do cumprimento dos requisitos fixados nas bases reguladoras dentro do exercicio orzamentario de 2010.

#### Artigo 24º.-*Reintegro.*

Procederá o reintegro total ou parcial da axuda percibida e a exixencia dos xuros de demora nos casos e termos previstos no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-Sen prexuízo das facultades inspectoras que teñan atribuídas outros órganos da Administración estatal e autonómica, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural poderá realizar as comprobacións e verificacións que considere precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural poderá requirir, en todo momento, a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde.

Terceira.-Aos beneficiarios das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei de subvencións de Galicia.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural ditará as instrucións que sexan necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta convocatoria.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2009.

Roberto Varela Fariña  
Conselleiro de Cultura e Turismo



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA  
 E TURISMO  
 Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

*ANEXO I*

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS A PARTICULARES E INSTITUCIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO                  PARA A CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DO PATRIMONIO                  ETNOGRÁFICO NO TERRITORIO HISTÓRICO DOS CAMIÑOS DE                  SANTIAGO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>CT106A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DA/O SOLICITANTE**

APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL <input type="text"/>		NIF/CIF <input type="text"/>
ENDEREZO <input type="text"/>		
PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>	FAX <input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>		

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN**

APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL <input type="text"/>		NIF/CIF <input type="text"/>
ENDEREZO <input type="text"/>		
PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>	FAX <input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>		

**DATOS DA AXUDA QUE SOLICITA**

PROXECTO QUE SE VAI REALIZAR <input type="text"/>		ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL <input type="text"/>	
TIPOLOXÍA DO BEN INMOBLE (ARTIGO 2º) <input type="text"/>	CAMIÑO DE SANTIAGO (ARTIGO 3º) <input type="text"/>	DISTANCIA AO CAMIÑO <input type="text"/>	TIPO DE ACTUACIÓN (ARTIGO 5º) <input type="text"/>
LUGAR <input type="text"/>	PARROQUIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>

**AUTORIZACIÓN PARA O USO E PUBLICIDADE DE DATOS (artigo 14º.3)**

Quen abaixo asina DECLARA QUE presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Cultura e Turismo para que, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

**AVISO SOBRE O TRATAMENTO DE DATOS**

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

*-Orde do 16 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas ao mantemento e conservación do patrimonio etnográfico no territorio histórico dos camiños de Santiago para particulares e institucións sen ánimo de lucro e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.*  
*-Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*  
*-Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.*

SINATURA DA/DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

Lugar e data

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

## ANEXO II

**DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS, E DECLARACIÓN DE NON SE ACHAR INCURSO EN NINGUNA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE AXUDAS**

Don/Dona  con NIF

no nome e representación da entidade

con CIF

**A) DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE**

Que para a actuación denominada

solicitou ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS CONCEDIDAS			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

AXUDAS SOLICITADAS			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

**B) QUE NON SE ACHA INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO RECOLLIDAS NO ARTIGO 10 DA LEI DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA.**

E, para que así conste ante a Consellería de Cultura e Turismo, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

Lugar e data

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

SINATURA DA O SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

*ANEXO III.a*

**MEMORIA DA INTERVENCIÓN PARA A QUE SE SOLICITA A AXUDA**

PROXECTO QUE SE VAI REALIZAR			
<input type="text"/>			
TIPOLOXÍA DO BEN INMOBLE (ARTIGO 2)	CAMIÑO DE SANTIAGO (ARTIGO 3)	TIPO DE ACTUACIÓN (ARTIGO 5º)	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
LUGAR	PARROQUIA	CONCELLO	PROVINCIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**1. DESCRICIÓN DO ESTADO ACTUAL DO INMOBLE E DAS CAUSAS DA ALTERACIÓN OU DETERIORACIÓN**

**2. PROPOSTAS DE INTERVENCIÓN E MEMORIA CONSTRUTIVA**



## ANEXO IV

## MEMORIA FINAL DA INTERVENCIÓN

Don/Dona  con NIF   
 no nome e representación da entidade   
 con CIF

## DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que na actuación denominada

se seguiron todas as indicacións e cautelas establecidas na resolución da concesión da axuda

**1. DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN REALIZADA. SISTEMAS CONSTRUTIVOS, MATERIAIS E SOLUCIÓNS FORMAIS EN RELACIÓN COA PROPOSTA AUTORIZADA**

**2. FOTOGRAFÍAS DA INTERVENCIÓN**

Completar cun mínimo de catro fotografías: unha do contorno, dúas completas do edificio e unha de detalle nun anexo independente

**3. RELACIÓN DE DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS**

ARTIGO	CONCEPTO	PRESENTACIÓN
23º.1.b	Memoria final da intervención redactada polo técnico director das obras	<input type="checkbox"/>
23º.1.c	Documentos orixinais das facturas, ou equivalentes	<input type="checkbox"/>
23º.1.d	Declaración complementaria, actualizada, do conxunto de todas as axudas solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución, para a mesma finalidade	<input type="checkbox"/>
23º.1.e	Solicitud dun mínimo de tres ofertas de diferentes provedores	<input type="checkbox"/>

**4. OUTROS DATOS DE INTERESE**


E, para que así conste ante a Consellería de Cultura e Turismo, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

Lugar e data

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

SINATURA DA/O SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA